



BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

PRAZOS

CONVOCATORIA 2017 – 2018 CALENDARIO (*)

(*) os horarios das fases desta convocatoria están expresados en hora peninsular española.

1.- Prazos e datas da convocatoria de bolsas

Inscripción e envío de solicitudes

Desde a apertura da resolución de convocatoria ata o 31 de maio de 2017 (24:00 horas, hora do peche).

Lista provisional de solicitantes admitidos e excluídos á fase de valoración

Publicarase ao longo do mes de xuño.

Abrirase un prazo de 5 días para que os solicitantes excluídos emenden ou acheguen a documentación faltante.

Lista de candidatos ordenada por puntuación

Publicarase no mes de xullo.

A finalidade é coñecer o posto que obtiveron os candidatos unha vez baremadas as súas solicitudes.

Prazo máximo para acreditar estar matriculado nun master

O último día é o 11 de agosto de 2017.

Lista de adxudicatarios das bolsas e suplentes

Publicarase ao longo do mes de agosto ou setembro

Aceptación da bolsa

Durante 5 días a partir da data de publicación de adxudicatarios.

Nota: No caso de que quedasen prazas sen cubrir, poderíase establecer unha lista de reserva para que aqueles candidatos que non estivesen matriculados antes do 12 de agosto.

Nese caso de que fosen admitidos polas universidades correspondentes no seguinte prazo de matrícula deben acreditar a matrícula no máster antes do 22 de setembro de 2017..

2.- Prazos e datas de preinscripción e matrícula nas universidades

Os solicitantes antes de matricularse deben realizar o proceso de solicitude de admisión nun ou en varios másteres nas universidades galegas que prefiran coa antelación necesaria para poder presentar o xustificante de matrícula. Cada universidade establece o seu propio prazo de admisión e deben estar en contacto directo con elas para informarse dos programas de máster da súa área de interese, así como dos requisitos e da documentación que deben achegar.